



Ola, nenos e nenas de 5 anos. Que tal estades? Isto do confinamento xa se prolonga de abondo e temos que buscar a maneira de ir facendo cousiñas do cole na casa, como ata agora. Só que desta vez comezamos un novo trimestre e andamos un pouco coa incerteza do que vai acontecer.

Os rapaces e rapazas de 5 anos imos viaxar ao espazo. Si, ao ESPAZO con maiúsculas. Pero o diaño deste virus fíxonos permanecer na Terra, sen poder despegar. De sabelo, xa tiñamos marchado antes, non credes? Pois imos ter que crear un espazo propio na habitación, na cociña ou no comedor da casa para poder viaxar! O caso é que nin sequera isto que estamos pasando vai ser quen de poñer atrancos na nosa aventura. Os de 6º A imos ir da man de Valentina Tereshkova, que se convertiu na primeira muller astronauta. Os de 6º B tamén viaxaremos, pero iso non sería posible sen coñecer como é o espazo, por iso quedan colgadas unha serie de propostas para ir traballando ámbalas dúas clases.

A modo de repaso, para cada día, estaría ben que fixerades unha especie de calendario, coma o da clase, no que pintedes o día da semana. E incluso podedes poñer o tempo meteorolóxico que fai.

E as letras..e os números.. Que será deles? Pois xa sabedes que hai que repasar todo o que se poida, polo menos ata o 10, aínda que coñeces moitos máis, e as letriñas, as que

faltaban por dar e quedaron encerradiñas na clase.. Pobriñas! Que contentas se poñen cando as coñeces e as escribides ben, así que, practicade tódolos días un pouquiño nelas.

Van aparecervos colgadas unha serie de actividades de lectoescritura e de matemáticas. Para algunhas tendes a licenza os de 6º A e para outras os de 6º B. De tódolos xeitos intentade aproveitar o que sexa posible o das dúas aulas, que van ser a maioría de tarefas que ides ver aquí.

Tamén debe haber un momento para o conto, que diso nós sabemos un montón.. a que si? Na casa tendes un montón deles pero... por que non xogades a inventalos vós? Coa vosa súper imaxinación seguro que sodes capaces de inventar unha chea deles! Pois así facemos coma se estiveramos na clase ou na biblioteca, bueno, neste caso, no noso ESPAZO favorito da casa, que está preparado para que poidamos empezar a despegar..!

Xa iremos contanto máis cousiñas.Dende hoxe iranvos aparecendo instruccións. Preparádevos que isto comeza..!

**9-8-7-6-5-4-3-2-1-0**



**BOA VIAXE!!**